

CEIP PLURILINGÜE DE CARNOTA

CURSO 2020-2021



A ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL É UNHA DAS ÉPOCAS MÁIS TRANSCENDENTES E IMPORTANTES, POLO QUE MERECE A PENA IMPLICARSE PARA QUE TODO SAIA BEN.

PROTOCOLO COVID

Debido á situación epidemiolóxica que estamos a vivir na actualidade e seguindo as distintas instrucións dadas dende a Consellería de Educación, destacar os seguintes aspectos:

- Facer unha sinxela exploración aos nenos/as para identificar se manifestan algún síntoma compatible co COVID-19. Concretamente, é preciso revisar varios síntomas como se o alumnado presenta tose seca, diarrea, falta de olfacto ou gusto, así como é necesario mirarlle á febre. No caso de calquera destes síntomas ou presentar 37,5 °C ou máis, non poderán vir á escola. Para elo, avisarase a través do teléfono do colexio 881.86.67.96 ou do correo electrónico do centro educativo ceip.carnota@edu.xunta.gal figurando no asunto o nome do pequeno/a máis a súa ausencia.

Así mesmo, será preciso a xustificación da ausencia a través do correo electrónico sinalado anteriormente ou cunha nota na axenda dos pequenos/as.

- No caso de identificar pola nosa parte, calquera síntoma compatible ou máis de 37,5 °C, activaremos o protocolo COVID: chamada á casa para a recollida do neno/a que estará illado nunha sala específica con máscara cirúrxica, así como ao centro de saúde por parte da dirección.

- É moi recomendable que debido á aglomeración no transporte escolar e nos lugares comúns (corredor, entradas e saídas), os pequenos/as traian a máscara posta dende a casa, así como se irán con ela posta. A maiores, necesitarase que traian unha de reposto que gardarán nun sobre de papel co seu nome na súa axenda. Xunto a todo isto, tamén é necesario que porten un portamáscaras para gardar a que traian posta.

- Para a entrada do alumnado, os que non empreguen o transporte escolar entrarán pola aula de paso acompañados dunha soa persoa adulta. Por outra banda, os transportados entrarán na escola pola porta principal. En ambos casos, haberá un mestre/a de garda que guiará aos nenos/as ata a aula, onde estará a titora.

- Recordar ademais que os pequenos/as non poden traer ningún obxecto da casa como xoguetes, contos,...

- Finalmente, é importante que estes días se lles ensine aos nenos/as a pór e sacar a máscara, así como a lavar as mans correctamente. Desta maneira, serán moito máis autónomos nunha actividade imprescindible nos momentos que corremos.

PAUTAS RECOMENDABLES

PUNTUALIDADE E ASISTENCIA REGULAR. Isto axuda aos nenos/as a axustarse ao horario de clase e a aprender os seus procesos e rutinas diarias, facilitándolle a organización dos seus esquemas mentais e facéndoo sentir máis seguro/a.

Ante calquera falta, é necesario que as familias xustifiquen a ausencia dos seus fillos/as por escrito.

Se o pequeno/a está enfermo, é recomendable que este non acuda ao colexio ata que estea totalmente recuperado.

CONTROL DE ESFÍNTERES. Será obrigatorio. Chamarase por teléfono se teñen algún despiste fecal. No caso de ser urina, cambiaranse eles coa muda que traian na súa mochila todos os días ou a que se lle entregue a titora a principios de curso.

MANDILÓN. Deben traer un mandilón que sexa adaptado a súa medida, abotoado por diante. A maiores, terá que ter o seu nome e unha cinta longa (12 cm.) para poder colgalo no colgadoiro.

MATERIAL ESCOLAR. Non se entregará lista de material, no seu lugar vanse a solicitar 20 euros a entregar durante a primeira semana. Este diñeiro irá destinado a comprar o material escolar durante todo o curso. Dita cantidade virá condicionada en función de como transcorra o curso, podendo ser solicitado unha cantidade maior de ser preciso.

ROUPA. Cómoda e fácil de poñer e sacar para facilitar a súa autonomía. Isto daralles seguridade en si mesmos. Toda aquela roupa que poidan sacar debe vir marcada co nome e con cita longa para poder colgala na colgadoiro.

MERENDAS. Os pequenos/as deben ser o máis autónomos posibles para a súa alimentación. Xunto a elas, ten que vir tamén unha botelliña de auga (a poder ser reutilizable como un termo). Non se poderá compartir nin a bebida nin a comida. Ademais, é recomendable que a froita veña xa picada e coa cantidade adecuada, non se poderá tomar fóra da aula. Con respecto a súa identificación, é preciso que tanto a botella como o tupper estean marcados co seu nome. Finalmente, resaltar a importancia dunha alimentación saudable, variada e equilibrada. Intentar non traer bollería industrial e non estarán permitidas as golosinas.

ANIVERSARIOS. Ao final de cada trimestre, farase unha festa para aqueles nenos/as nados nese período. Non se poderán repartir invitacións, así como intercambios de debuxos traídos da casa.

XOGUETES. Como está sinalado anteriormente, non se poden traer xoguetes durante o curso, xa que ademais da situación que estamos atravesando, son fonte de conflito e desgusto entre compañeiros/as se se perden ou rompen.

ENTRADA. É importante coidar o momento da despedida, sobre todo, durante os primeiros días, intentando non alongala demasiado. Ademais, é preciso

transmitir unha actitude tranquila e de confianza. Resaltar tamén que cobra gran transcendencia a visión positiva que dende as casas se lles transmita sobre a escola e o profesorado, como un lugar onde ver compañeiros/as, xogar, realizar actividades,... pero tamén de maneira realista.

Segundo a Orde do 23 de xuño de 2011, a hora de entrada ao centro estará custodiada polo profesorado, polo tanto, os nenos/as quedarán baixo supervisión de ditos mestres sen a presenza das familias. Ademais, é importante recordar a puntualidade.

Cando se recolla un neno/a durante o horario escolar, pasarase por conserxería para cubrir o xustificante correspondente e será o mestre de garda quen recolla ao alumno/a na aula.

SAÍDAS. O alumnado non transportado comezará a saír ás 14.35, para evitar o contacto cos pequenos/as transportados. Cando veña unha persoa distinta da habitual a recoller ao alumnado, é recomendable que se avise con anterioridade. Ademais, ten que ser unha das persoas autorizadas previamente.

As saídas do centro para facer actividades educativas realizaranse mediante autorización, sen a cal non poderá saír do colexio.

TITORÍAS. Para falar coas titoras ante calquera dúbida ou información precisa, os días asignados serán os luns de 17.30 a 18.30. Debido a situación epidemiolóxica actual, fomentárase o emprego do teléfono ou correo electrónico. Só en casos moi excepcionais, realizarase a titoría de maneira presencial, avisando con antelación e a poder ser sen a presenza do neno/a.

É importante destacar a descarga de AbalarMóbil para recibir notificacións e enviar reciprocamente distintas mensaxes. A maiores, contaremos cunha carpeta que estará todos os días na mochila para calquera notificación por parte vosa ou nosa.

PROFESORADO IMPLICADO NAS AULAS.

Titoras:

4º educación infantil: Verónica Tajés Fernández

5º educación infantil: Isabel Capelo García

6º educación infantil: Alba Senande Fernández

Música: Daniel Rodríguez Gándara

Inglés: Paula Santiago Fontás

Relixión: M^a Zoila Piñeiro Sendón

Orientación: Ester Vázquez Blanco

Pedagogía Terapéutica: Manuela Pena Caamaño

Audición e linguaxe: Jorge Martínez Prego